


UN ALBÉITAR NOIÉS DO SÉCULO XVIII

DIEGO CONDE GÓMEZ. HISTORIA VETERINARIA GALEGA
ISABEL MENCÍA VALDENEBRO. ASOC. MADRILEÑA DE HISTORIA VETERINARIA

O pasado da nosa profesión está asentado sobre a base da albeitería, que tivo o seu cénit no século XVIII, considerándose este como o Século de Ouro desta arte. Exemplo do esplendor que alcanzou a albeitería en Galicia foi a obra do noiés Fernando Sande y Lago. Con este traballo non só se trata de facer aportacións sobre a vida, obra e patrimonio do albéitar Fernando Sande y Lago, autor do *Compendio de Albeyteria*, senón que ademais se pretende dar luz sobre unha arte que cada vez se alonxaba máis de menciñeiros e supersticións, para poder abrazar o ámbito científico e o recoñecemento social.



Hai constancia da súa asistencia en Valladolid ás xustas reais celebradas con motivo da chegada a España de María de Neoburgo, esposa de Carlos II. Xunto con Francisco García Cabero, xoga un papel de grande importancia na renovación da albeitería, profesión que alcanza o seu cumio no século XVIII con estes dous autores.



Ata o de agora, aínda que se presumía que Fernando Sande, despois da publicación do seu *Compendio de Albeyteria*, gozaba dunha boa posición social, non se tiña documentado de forma conveniente esta premisa.

No documento, con data do 8 de setembro de 1719, Fernando Sande y Lago dá conta diante do escribán de Madrid Tomás López de Baillo que o 28 de agosto daquel ano se unira en matrimonio con dona Petronila Terrón de la Fuente, polo que ambos procedían a facer inventario dos bens que cada un aportaba ao enlace.

O achádego, por parte de José Luis Barrio Moya, de interesantes documentos referidos a Fernando Sande no Archivo Histórico de Protocolos de Madrid, amosa dalgún xeito que o noso albéitar dispoñía dunha posición acomodada dentro da Vila de Madrid. O documento describe de forma minuciosa os bens que posuía en 1719. Do mesmo xeito, apórtanos novos coñecementos sobre algúns datos biográficos dos seus proxenitores e dos seus matrimonios.

Así, Sande y Lago declaraba que era veciño de Madrid, viúvo de Teresa de Montalbán y Menese e fillo “lexítimo” de don Pedro de Fernández de Sande e dona María Fernández de la Aranga, “vecinos que fueron de la villa de Noya, arzobispado de Santiago”. Pola súa banda, dona Petronila Terrón de la Fuente di ser filla de don Juan Terrón de la Fuente, “natural del valle de Finollo, obispado de León” e de dona Isabel Ramos de Ulloa, que era “del lugar de Casares, feligresía de Villares, obispado de Lugo”.


PROTOCOLO NOTARIAL


No Archivo Histórico de Protocolos de Madrid atópase o documento que leva por título *Escrituras de capital y rrecivo de dote que otorgaron Fernando Sande y Lago y Doña Petronila Terrón de la Fuente, su muxer, vezinos desta villa de Madrid* (Protocolo 15084, folo 334-344).

Este sería o segundo matrimonio de Sande, sendo o terceiro para a súa dona, que antes casara con don Andrés Cabañas e con don Antonio Fano. Fernando Sande aporta ao matrimonio unha serie de bens entre os que

Sabemos que Fernando Sande y Lago, pois así o sinala a portada do seu libro *Compendio de Albeyteria*, foi natural de “la muy noble y antigua villa de Noya, Reino de Galicia, Diócesis Compostelana”. Aínda que non se ten coñecemento exacto sobre a data de nacemento, diversos autores fixana no ano 1650 ou en datas próximas posteriores.

Descoñécese onde realizou a súa formación. Respecto disto, Rodríguez Mourelo apunta a proximidade das aulas compostelanas como posible berce formativo de Sande. Tanto Sanz Egaña como Rodríguez Mourelo destacan o coñecemento que tiña en ciencias naturais e filosóficas, ensinanzas nas que a Universidade de Santiago sobresaía e cara ás cales os centros de Madrid eran un pouco caicos, centrándose estes máis na lectura e a eséxese de textos procedentes da obra de Galeno.





Sande describe con detalle as “características del pulso y la orina”, o que pode entenderse como un precursor da analítica clínica en canto ao valor destas constantes como elementos para o diagnóstico das enfermidades

se atopan pinturas, esculturas, roupa branca e vestidos, obxectos de prata, libros, mobles, ferramentas e armas. O conxunto de bens alcanza na correspondente taxación un valor de 24.603 reais de vélaro.

Sande y Lago posuía no momento do enlace unha pequena colección de arte con 20 pinturas e tres esculturas. Dentro destes bens artísticos destacan as esculturas dun Cristo de marfil taxado en 1.600 reais, unha Inmaculada de 2.000 reais e un Neno Xesús de 1.000 reais, e entre as pinturas unha “de San Fernando en batalla” taxada en 500 reais.

A descrición da súa biblioteca no protocolo límitase a unha descrición de dous lotes, sen especificar títulos nin autores. Así, describe un primeiro lote de corenta tomos de diferentes libros valorado en 160 reais e un segundo lote de “setecientos y zinquenta tomos de libros que tratan de la profesión de albeitería, sin encuadernar” valorado en 5.625. Neste segundo lote, Barrio Moya sitúa varios exemplares do seu *Compendio de Albeyteria*, baseándose en que están sen encadernar.

Dentro de todos os seus bens o que máis interese ten son os que constituían as súas ferramentas de traballo, que nos informan dos utensilios para forxado e ferrado, dedicación de grande importancia dos albéites, ademais da curación das enfermidades do cabalo:

- *Cinco láminas de cobre grabadas con la demostración anatómica de el caballo y la otra con la demostración de diferentes terneros de erraje, 900 rs.*
- *Más tres bigornias con el banco, 1.600 rs.*
- *Más otra bigornia con iuntas de adobar clavos, 350 rs.*
- *Más un fuelle y toda herramienta de fraguas, 240 rs.*
- *Más zinquenta y siete libras de cobre, 285 rs.*

OBRA DE SANDE Y LAGO

O seu *Compendio de Albeyteria* non só é un simple tratado de albeitería, senón que ademais é completado con coñecementos da época sobre Astroloxía e Mineraloxía. Coñé-

**COMPENDIO
DE ALBEYTERIA,
SACADO
DE DIVERSOS AUTORES;
COMPUESTO POR FERNANDO DE SANDE
y Lago, Professor en dicho Arte, vezino de esta Coronada
Villa de Madrid, y natural de la muy noble, y antigua Vi-
lla de Noya, Reyno de Galicia, Diocesis Composte-
lano, obra muy vtil, y necesaria à los Pro-
fessores en dicho Arte.**

**LLEVA LOS NUEVOS INVENTOS ANATOMI-
cos, y vn Antidotario General, arreglado con el Dosis de
los medicamentos; como asimismo vn Extracto de las Aguas
Termales, Baños, y Fuentes medicinales, que en el recinto
de España se hallan, y otras cosas particulares, y experimen-
tadas para la mayor perfeccion de el Arte, añadidas
algunas Adiciones en esta Impresion,
y corregidas.**

**DEDICADO
A LA MILAGROSA IMAGEN DE NUESTRA
Señora de la Paz y Piedad.**

CON PRIVILEGIO.

**EN MADRID: En la Imprenta de Joseph Gonçalez;
vive en la Calle de la Encomienda. Año de 1729.**

*Se hallaràn en Casa del Autor à los Caños
del Peral.*


cense dúas edicións en castelán. A primeira, de 1717, consta de 4 libros na que se recolle un completo tratado de Astroloxía que non aparece na segunda edición. Esta segunda publícase en 1729, sendo revisada e moito máis completa. Nela inclúese un libro a maiores completamente novo, referido aos seus coñecementos mineralóxicos.

No primeiro libro inclúe aspectos sobre zootecnia e manexo do cabalo, a súa reprodución e coidados, a selección e anécdotas “del honor que por lo hechos de algunos caballos, merecieron de sus señores ser memorables”.

Repasa a anatomía e fisioloxía do cabalo baseada nos elementos, complexións e humores hipocráticos e galénicos. Ademais, des-

Na obra de Sande y Lago trasláncense ideas de Paracelso, que consideraba a Teoloxía, a Filosofía, a Astroloxía e a Alquimia como bases da medicina

cribe con detalle as “características del pulso y la orina”, o que pode entenderse como un precursor da analítica clínica en canto ao valor destas constantes como elementos para o diagnóstico das enfermidades. Neste libro tamén inclúe o capítulo dedicado á Astroloxía que suprime na segunda edición, aínda que



**O albéitar noiés antici-
pou unha clasificación
en metais, zumes (sa-
les), terras e pedras que
é precursora da clásica
de Werner, publicada no
1774**

mantén referencias a este. Traslúcense ideas de Paracelso, que consideraba a Teoloxía, a Filosofía, a Astroloxía e a Alquimia como bases da medicina.

Nos libros segundo e terceiro descríbese a patoloxía especial do cabalo mediante unha presentación sistemática de síntomas, diagnóstico e tratamento. Inclúen un tratado de chagas ou feridas, antidotario de varios medicamentos, método para preparar os medicamentos máis usuais, unha curiosa descrición sobre as propiedades medicinais dalgúns animais e a correspondencia destes cos sete planetas. No libro cuarto, recolle a xeito de diálogo entre discípulo e maestro o modo de

diagnosticar e tratar as enfermidades. Inclúe un tratado da arte de ferrar.

No libro quinto, só presente na segunda edición, trata "del modo con que se engendran los metales y cosas que les acompañan, y de la tierra y sus colores" e anticipa unha clasificación en metais, zumes (sales), terras e pedras que é precursora da clásica de Werner, publicada no 1774. É esta clasificación a que lle deu a Sande y Lago maior prestixio. Aporta a maiores un tratado "de las virtudes medicinales excelencias y propiedades que en algunas fuentes y baños se hallan".



BIBLIOGRAFÍA

Agra Cadarso, J.M. Fernando de Sande y Lago. Rev. Finisterre núm 7. Pontevedra 1944

Archivo Histórico de Protocolos de Madrid. Protocolo 15084 folº 334-344

Barrio Moya, J.L. Aportaciones a la biografía de Fernando de Sande y Lago, autor del

Compendio de Albeyteria, publicado en Madrid en 1717. Rev Museo de Pontevedra. Nº 54, 2000. Pags. 123-130

Carballeira Tella, Dasio. Prologo de Compendio de Albeyteria de Fernando de Sande y Lago. Edicións do Castro. Sada (Coruña).1989.

Herrero Rojo, M. La Albeyteria Española en el siglo XVIII. Salamanca.1984

Mourello, R. Sande y Lago. Rev. Bibliotecas y Archivos y museos. Junio 1906.

Palau y Dulcet, A. Manual del librero hispanoamericano, tomo XIX, Barcelona, 1967, Pags 373-374

Sánchez de Lollano; Carrera Martínez; Ballesteros Vicente "Primera aproximación a la astrología veterinaria a través de la obra de Sande y Lago: de la correspondencia que tienen los siete planetas y animales".2003. VIII Congreso Nacional de Historia Veterinaria. San Sebastián-Bilbao. Pag. 253-257

Sanz Egaña, C. Historia de la Veterinaria Española. Madrid 1944. Pag. 153